

## NORMAS INICIO DE CURSO 4º EDUCACIÓN INFANTIL

O alumnado de 4º Educación Infantil incorporárase o **xoves día 10 de setembro**. Ese mesmo día os pais deberán traer unha declaración de responsabilidade firmada esixida e establecida pola Xunta de Galicia. Debido á situación que estamos a vivir este ano non foi posible ofrecer o período de adaptación que facemos sempre, por iso, e para facilitarlle a entrada no centro aos nen@s, empezarán en 2 grupos e en 2 xendas do xeito que segue:

<b>10-16</b> setembro	<b>1º grupo</b> de 9:45 a 11:15 Ventilación e desinfección
<b>10-16</b> setembro	<b>2º grupo</b> de 11:30 a 13:00
<b>17-18</b> setembro	<b>Todos xuntos</b> toda a mañá en horario de 9:45 a 13:00.
<b>21</b> setembro	<b>Horario habitual</b> de 9:40 a 13:00 e de 15:20 a 17:00 Con tódolos servizos de comedor e madrugadores.

**A entrada** realizarase polo lateral esquerdo do centro. Esa é a zona exclusiva de Educación Infantil e por aí non accederá ningún outro grupo. Farase ringleira na acera cun adulto por neno/a e respectando as sinais de distanciamento.

O neno/a entrará co profesorado encargado de recollelos e pasará á aula previa toma de temperatura. O adulto que o acompaña, pai/nai ou persoa autorizada sairá polo portal a modo de circuíto para evitar aglomeracións e facilitar o tránsito.

**A recollida** farase do mesmo xeito; facendo ringleira na acera e respectando as distancias, cada pai/nai ou persoa autorizada recolle ó seu neno da man do profesorado encargado e seguindo o mesmo circuíto de saída polo portal para abandonar o centro na maior brevidade posible.

**As pinturas, plastilinas e materiais** que van a utilizar na aula estarán en bolsiñas individualizadas para a súa correcta desinfección.

**As merendas** de media mañá virán nunha bolsiña de tela que levarán cada día para lavar a 60º.

**O mandilón** permanecerá na clase toda a semana.

As **actividades de E.F. e música** desenrolaranse no pavillón ou no exterior sempre que o tempo o permita, e o resto das actividades/materias terán lugar na aula.

O **alumnado de BUS** ocupará sempre o mesmo asento, entrará no centro pola porta principal e dirixirse co profesor á súa aula. **O uso da máscara no BUS e na entrada do centro é OBRIGATORIO.** Os nenos do BUS traerán unha bolsiña de tela para uso exclusivo da máscara, que a profesor@ lle gardará ao entrar na aula e lle colocará para saír.

**No comedor, no servizo de madrugadores, nos patios e en tódalas actividades** os nen@s estarán sempre co seu grupo/aula, denominado GCI (grupo de convivencia estable) ou aula burbulla e cos seus profesores.

O profesor@ contactará con cada familia por teléfono para as titorías e aclaración de dúbidas.